

“Poétic@” son pasos exploratorios do que vai vir na literatura”

Poétic@ inaugura novas formas de creación e lectura para a poesía. Instalación poética, hiperlibro ou poesía dixital, coa súa nova obra Fran Alonso achéganos ás posibilidades da rede para o discurso poético no **Día Mundial da Poesía** que se conmemora este 21 de marzo.

Carme Vidal

21 de marzo de 2015

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/poetic-son-pasos-exploratorios-do-vai-vir-na-literatura/20150321030100035974.html>

A nova obra do escritor Fran Alonso, de acceso libre, convida a reflexionar sobre a escrita e recepción da poesía, a divulgación, as posibilidades de interconexión a través da rede e mesmo sobre o propio concepto de obra literaria.

-Que mudanzas supón un proxecto como Poétic@ no proceso creativo da escrita?

Os cambios empezaron xa no papel, no proceso de escrita inicial. Pensei o poemario xa con estrutura de rede, con internet na cabeza. Nace desde esa intención e iso facilitou moitas cousas. Foi a primeira fase onde se crean todos os circuítos internos que fan remitir dunha cita a un poema, dun poema a outro... de forma fragmentaria. Tiven que asimilar o proceso online, das plataformas, botando man da tecnoloxía e dos expertos e entra aí unha nova dimensión que aporta novo valor, significados, recursos... outra forma de entender a relación co texto, que condiciona todo. Por exemplo, eu non tiña títulos en moitos poemas e tiven que poñelos porque cada páxina precisaba unha url distinta, é dicir, condicionaba o propio proceso creativo. Todo isto acontece na ciberescrita, que ten os seus condicionantes, mais témonos que afacer a traballar desta maneira.

-Unha das cuestións que se presentan é cando se remata a obra. Na edición en libro era fácil, cando saía publicado. Poderíase estar modificando sen límite...

A xente di que é inabarcábel, que unha ligazón leva a outra, que comezas a xogar e desviarte e acabas navegando de forma caótica, deixándote absorber polo propio xogo. Iso mesmo sucedeume como creador. Iso comentábalo a Cris de Estudi1Llimona, de Palma de Mallorca, con quen traballei na elaboración do soporte. Tiñamos unha xuntanza semanal a través de skype

e dicíalle que era terríbel, que arrastraba. Mesmo agora podería seguir engadindo algo. O libro poderíase manter vivo.

-Muda entón tamén o concepto de “obra” como produto rematado?

Agora existe a posibilidade de ter unha obra en proceso de creación permanente. *Poétic@* son pasos exploratorios do que vai vir na literatura. Non sei como se verá isto dentro de vinte anos. Sospeito que isto vai mudar substancialmente, camiñamos de forma decidida cara o dixital e, neste sentido, dáse unha dimensión participativa na obra literaria. O lector deixa de ser un axente pasivo no concepto tradicional.

-Ese lector que deixa de ser pasivo débese á posibilidade de poder optar polas múltiples lecturas que ofrece o entorno dixital?

Cando picas nos enlaces e déixaste levar polo entramado de ligazóns, comezas a navegar de forma autónoma e trazas o teu propio itinerario. De todas maneiras, neste caso nós quixemos darlle un certo deseño de páxina que evoca o libro físico, mesmo con ese branco roto da calidez do papel, para lembrar que estamos diante dun libro máis no que a normas e regras de xogo son distintas.

-Unha das posibilidades desa lectura en espiral é que vostede, como autor, pode convocar na súa obra outros autores, ademais, en diversos soportes.

Trátase dun valor engadido moi significativo. Desde o propio texto intento chegar á expresión de instalación poética. Nese sentido, hai poemas que están conformados mesmo só por citas. Tamén pode ser en papel, mais aquí hai un discurso que nos leva á creación doutras persoas, mesmo con conceptos antagónicos. Ás veces manteño unha determinada tese e para crear contradición introduzo unha cita, vídeo ou ligazón antagónico. É unha maneira de confrontar, de crear contradiscurso e poñer todo en cuestión nun libro que intenta debater a dificultade entre o importante e o banal. Aliméntome de forma significativa coa aportación deses outros creadores.

-Esa cita activa, hipertextos e enlaces, obrigan a repensar o concepto de dereitos de autoría na rede?

Os vellos conceptos están caducos. Hai que habilitar novas fórmulas e temos que ir a unha consideración distinta do que son as citas e os dereitos de autor. Eu teño varios tipos de estratexias para agregar ese contido, unha é incorporando á propia páxina e outro a través de enlace, ás veces nunha ventá emerxente e outras a través de enlace, a veces nunha ventá emerxente. O que fago é traer contidos que na rede se forma habitual, aliméntome co tecido da propia rede. A Lei da propiedade intelectual, a pesar de ser nova, está xa caduca. A lexislación terá que incorporar a nova casuística. Cando menos temporalmente, terémonos que guiar por pactos de boa vontade e, nese sentido, o meu traballo, por exemplo, compártese con licencia creative commons.

-Hiperlibro de poemas, instalación poética, poesía dixital, transmedia, electrónica... que definición acae mellor a *Poétic@*?

Atopar as palabras xustas é complexo neste ámbito tecnolóxico no que o corpus léxico medra a toda presa e incorpora novas palabras que temos que estar continuamente consultando. Non sabería dicilo ben mais está claro que é un hiperlibro porque non só está o que fago, a través del podes descubrir outras persoas que son autoras, de poesía e doutros ámbitos.

-O soporte permite, poño por caso, que o público lector se poda atopar non co texto senón mesmo co propio poeta recitando ao vivo os seus versos...

No libro aparezo en varios planos. Un deles é audio no que versiono algúns dos poemas, logo hai ligazóns a outros arquivos de audio que non son do propio libro e logo están os vídeos nos que aparezo. Son complementares á linguaxe poética que non é só textual senón tamén audiovisual e mesmo iconográfica xa que están incorporados os emoticonos. O libro fai unha reflexión ácida e corrosiva sobre a propia poesía e os seus mitos e non podería ser crítico se non o fose comigo mesmo. Ese é o outro plano no que aparezo, rindo de min mesmo.

-Por vez primeira na entrevista aparece o contido da obra, non teme que o peso da arquitectura sobarde a condición literaria da obra?

Penseino. Polo seu carácter novidoso pode suceder que o texto fique solapado e agochado en función da forma. Pode suceder, quizais tamén polo seu carácter informal, por ese humor pouco habitual do texto, que nin sequera é normal para min.

-"A poesía é un xénero/ tan sublime/ que non atopa lectores/ para tanta grandeza". Poétic@ responde con ironía á solemnidade da poesía?

Foi unha das intencións desde o principio e niso radica ese discurso humorístico. É un poemario que pretende achegarse, estar máis cerca, abandonar e criticar a solemnidade para facerse máis cotiá e máis próxima cun discurso que sexa capaz de conectar cun lectorado máis amplo.

-Vostede mesmo ten definido a obra como "corrosiva", pode ferir sensibilidades de quen defende esa condición trascendente da poesía?

No libro recóllese un discurso contradictorio, a veces mantéñense teses que se rebaten. Forma parte de que a poesía é ampla e variada e admite polidiscursos, non ten por que ser monolítica. O que acontece é que procedemos dunha tradición e, por cuestións políticas e culturais, vivimos á defensiva e iso roubounos o humor. Tamén a min me pasa, na vida cotiá manéxome con moito humor e cando reviso o que escribo vexo que non desaparece, por que? Porque procedemos dunha tradición trascendente na que case non houbo espazo para o humor que é o que nos fai sobrevivir, salvar. O humor fai que nos riamos de nós mesmos e permite vernos con ollos autocríticos. En Poétic@ este discurso está omnipresente.

-Poétic@ publicado en varios idiomas e de acceso gratuíto, pode acadar novos públicos para a poesía?

É un enigma, supoño que si. A impresión que me dá polos comentarios que a xente me fai principalmente a través de twitter é que se enganchan ao libro e esta é unha nova maneira de achegarse á poesía, igual que *Poetízate* conseguiu moitos novos lectores. Con novas formas de lectura poden vir tamén novos lectores.

-Obras súas como a propia antoloxía *Poetízate* que vén de citar ou o libro *O meu gato é un poeta* falan desa teima súa por achegar a poesía á xente nova...

Considero que é necesario divulgar a poesía, facela asequíbel e achegala á xente que moitas veces non está próxima por prexuízos. Vivimos un momento histórico moi complexo para a lingua. A cultura a a lingua galega precisan dunha palabra: divulgación. Estamos máis necesitados que nunca de divulgar a nosa produción cultural. Centrémonos na creación e o futuro está aí. Toda a excelencia do que se fai precisa chegar aos lectores e lectoras en todos os ámbitos da arte, da creación e a cultura. As institucións públicas debían estar traballando nese aspecto con

intensidade e se non o fan é porque son absolutamente torpes. Un país que non é quen de proxectar a súa cultura non é quen tampouco de captar recursos económicos. Atraer proxectos e investimentos non se pode basear en vídeos de Enrique Iglesias senón en exportar un país potente con proxección internacional.

-A rede facilita esa proxección internacional?

A rede abre ese enorme caixón de oportunidades para traspasar fronteiras. Internet non ten barreiras e esa é unha das súas vantaxes.

-O deseño e produción dunha obra como *Poétic@* é custoso e, en principio, non semella que incorpore mecanismos para que ese investimento teña retorno.

Hoxe en día non hai modelo establecido que permita non digo xa gañar diñeiro senón mesmo amortizar o gasto. Para unha editora apostar por unha iniciativa así é moi complexo porque o beneficio non é económico senón a divulgación do propio traballo. Compre telo en conta e sobre iso tamén hai que reflexionar. Teño a intuición, de todas maneiras, que este tipo de plataformas se van abaratar e incluso que futuros creadores terán coñecementos técnicos para botalas a andar por si mesmos. Supoño que tamén nese aspecto todo está a mudar.

-Coida que está a inaugurar un camiño polo que transitarán máis creadores e creadoras?

Estou certo de que hai proxectos literarios nesta liña que se me escapan, agora, no que coñezo non se parece ao que eu fixen en *Poétic@*. Tanto a deseñadora coma min tiñamos claro isto e, nese sentido, si creo que pode abrir camiños e non só iso senón servir como acicate, animar á xente a explorar a creación electrónica e dixital. Supoño que no futuro se verá como algo exploratorio e iniciático.

-"O meu hipertexto afogou no papel", di. O tránsito é sen volta, con dirección cara o dixital? Que futuro lle queda á edición en papel?

Durante un tempo darase a convivencia entre ambos. Eu mesmo non abandono o papel mais todo apunta a que o ámbito dixital sexa o que se impoña. Se a lectura en papel ten futuro, a creación en papel tamén o terá. Gran parte dos creadores funcionan impulsados pola evolución no ámbito da lectura.

-Nun tempo como o que estamos a atravesar que papel lle queda ao poeta?

Se aos escritores lles queda algo de voz é por ese prestixio mínimo que aínda manteñen, vencellado ao do libro, mais é mínimo e a voz dos poetas e escritores en xeral está cada vez máis apagada. Vivimos nun mundo de cambio vertixinoso e compre reivindicar o papel que merece a literatura, mais desde a honestidade e a humildade.